



CONCELLO DE BARBADÁS

BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES E DECORACIÓN DO NADAL 2023

Artigo 1. Obxeto

O Concello de Barbadás convoca o Concurso de Escaparates e Decoración de Nadal co obxectivo de fomentar a colaboración cidadá na ornamentación e embelecemento da vila durante a tempada de nadal 2023-2024, facendo partícipes da imaxe de Barbadás a comerciantes e a hostalaría. O concurso promoverá a creatividade e a difusión dunha boa imaxe da vila co ambiente artístico e tradicional de nadal ao gusto da veciñanza. Ademais, reforzaranse a unión do tecido económico. Establécense uns premios para as persoas gañadoras do concurso para promover a participación e o interese de posibles concursantes.

Artigo 2. Participación

Poderán participar todos os establecementos comerciais e hostaleiros do Concello de Barbadás, tanto sexan persoas físicas como xurídicas. A estos efectos, será de aplicación o disposto no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 3. Valoración

O tema a desenvolver xirará en torno ao ambiente do Nadal. Haberá total liberdade en canto á técnica e estilo.

No caso dos establecementos hostaleiros que non dispoñen de escaparate, terase en conta para que poidan participar a decoración interior, exterior e das terrazas.

Para a valoración, teranse en conta os seguintes parámetros:

1) CREATIVIDADE

Valorarase segundo a capacidade de innovar o concepto tradicional do nadal, mostrando isto mediante a decoración, a innovación, o deseño e o emprego de diversos materiais (reciclados, reutilizables, ecolóxicos...).

2) ORIXINALIDADE

Valorarase a orixinalidade con aspectos que lle aporten á decoración algo especial e diferenciado.

3) APRECIACIÓN DE ELEMENTOS LOCAIS





CONCELLO DE BARBADÁS

Valorarase a través de colocación de imaxes e decoración nas que se representan elementos senlleiros de todo o Concello de Barbadás.

Artigo 4. Procedemento

Este premios outórganse, con carácter de subvención, en réxime de concorrencia competitiva.

Os impresos poderán obterse, no Concello de Barbadas, na Oficina Municipal de A Valenzá ou a través da páxina web do Concello (www.barbadas.es)

Os impresos debidamente cumprimentados presentaranse por rexistro, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá, ou a través da Sede Electrónica desde o día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense ata o 12 de decembro de 2023.

Os/as interesados/as deberán, na solicitude de inscrición, facer unha declaración responsable de que se atopan ao corrente de obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesorería Xeral Seguridade Social, Axencia Tributaria Galega e o Concello de Barbadás

Unha vez presentada a folla de inscrición será preciso para formalizar a participación no concurso enviar unha foto do escaparate ou decoración interior, no seu caso, a dirección de correo electrónico cet@barbadas.es ata o día 11 de decembro de 2023 ata as 14:00 h.

Artigo 5. Premios

Estableceranse os seguintes premios:

Premios do xurado profesional:

1º premio escaparate de establecemento comercial de 300€.

2º premio escaparate de establecemento comercial de 200€.

1º premio escaparate de establecemento de hostalería de 300€.

2º premio escaparate de establecemento de hostalería de 200€.

Premios da votación popular:

1º premio escaparate de establecemento comercial de 300€.





CONCELLO DE BARBADÁS

2º premio escaparate de establecemento comercial de 200€.

1º premio escaparate de establecemento de hostalería de 300€.

2º premio escaparate de establecemento de hostalería de 200€.

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 431.480 do orzamento municipal para o ano 2023 cun importe total de 2000 €.

Artigo 6. Órganos competentes

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a incoación, aprobación das bases e convocatoria e resolución dos procedementos de concesión dos premios.

A Concellería de Comercio será o órgano competente para a ordenación e instrución dos correspondentes expedientes.

A avaliación das solicitudes farase do seguinte xeito:

Premios do xurado profesional:

A Asociación Centro Comercial Aberto da Valenzá nomeará dous representantes e a Concellería de Comercio nomeará a outro representante que visitarán os establecementos participantes e valorarán conforme aos criterios expostos nestas bases.

Premios da votación popular:

Na web do Concello (www.barbadas.es) habilitarase un formulario onde as persoas interesadas poderán votar telemáticamente, entre os días 12 e 18 de decembro de 2023 ás 14:00 h.

Unha vez se coñezan os gañadores do concurso, comunicaráselle formalmente e ademais publicarase na web do Concello (www.barbadas.es).

Artigo 7. Criterios de adxudicación dos premios

Os premios serán adxudicados por orde aos participantes que obtivesen máis votos telemáticos.

Artigo 8. Entrega de premios

O día 21 de decembro publicarase o listado dos establecementos gañadores.





CONCELLO DE BARBADÁS

O día 22 de decembro entregaranse os diplomas.

Disposicións Adicionais.

1. A participación no concurso suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.
2. O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.
3. En todo o non disposto das presentes bases estarase ao disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Barbadás e na lexislación estatal e autonómica na materia.
4. Non están previstas a constitución de garantías, o abono anticipado de pagamentos nin circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poidan dar lugar a modificación da resolución.
5. Estos premios son compatibles con calesquera outros da mesma natureza.
6. Será de aplicación o réxime de recursos establecido no Título V da Lei 39/2015.

